

UN NOVO BROADWAY EN VERÍN: O MUSICAL *GREASE*

**IES Xesús Taboada Chivite
Proxecto de innovación educativa en dinamización lingüística
2016-2017**

1 TÍTULO DO PROXECTO:

UN NOVO BROADWAY EN VERÍN: O MUSICAL *GREASE*

2 CONTEXTUALIZACIÓN E XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO

2.1 Identificación da situación sociolingüística do centro

O concello de Verín limita ao sur con Portugal, ao norte co concello de Castrelo do Val; ao leste, co de Vilardevós; e polo oeste, cos de Oímbra e Monterrei.

Está situado no val de Monterrei. É cabeceira da comarca Verín-Monterrei. A poboación total da bisbarra rolda os 30 000 habitantes.

A media de idade rolda os 41 anos coas seguintes porcentaxes na poboación total:

○ 14 %, menores de 14 anos

○ 21 % entre 15 e 29 anos

○ 44 % entre 30 e 64 anos

○ 18 % entre 65 e 84 anos

○ 3 % con máis de 85 anos.

Ten tamén unha considerable poboación procedente do continente americano, que supón o 37 % das persoas estranxeiras e que son fundamentalmente mulleres brasileiras e colombianas.

- A lingua dominante nos concellos que forman a comarca Verín-Monterrei é o galego.
- As linguas usadas na vila de Verín son, case por igual, o castelán e o galego. No resto dos concellos da comarca, a lingua que predomina é o galego.

A continuación, exporemos os datos sociolingüísticos do IES Xesús Taboada Chivite:

O centro:

Emprégase o galego en todas as actividades de transmisión da información escrita: atención ao público, notas informativas, convocatorias das reunións do Consello Escolar ou do Claustro, outras reunións, notificacións; tamén é a lingua maioritaria nos usos orais e nas relacións do centro co alumnado. A lingua maioritaria do persoal non docente tamén é o galego. Todos os documentos, como PE, PCC, RRI, memorias, programacións, proxectos..., están redactados en galego.

O profesorado:

Da análise dos datos destaca a boa percepción que do galego e do seu uso no ensino ten unha porcentaxe maioritaria do profesorado.

Por outra banda, só un 8 % do profesorado considera moi alta a súa capacitación para empregar o galego na actividade docente. Porén, o 64 % do profesorado amosa disposición boa ou plena para facer cursos de reciclaxe e actualización co fin de acadar unha capacitación axeitada.

O alumnado:

Os datos tradúcense nun índice de emprego do galego por parte do alumnado de 3,435 sobre 5 (seguindo a fórmula estatística proposta na *Guía de planificación lingüística* editada pola Secretaría Xeral de Política Lingüística).

Os índices desagregados foron os seguintes:

1.º da ESO: 3 313

2.º da ESO: 3 493

3.º da ESO: 3 564

4.º da ESO: 3 460

1.º de bacharelato: 3 369

2.º de bacharelato: 3 757

Rural: 3 841

Vila de Verín: 3 225

Polo tanto temos, en termos xerais, un alumnado galegofalante no que non se observan diferenzas demasiado significativas entre cursos. Como era de esperar, o alumnado que vive na contorna rural presenta un índice de uso do galego sensiblemente superior ao alumnado residente na vila de Verín.

En canto a datos concretos, chámannos a atención dúas variables. En primeiro lugar, o alto índice de indiferenza nas preguntas de valoración do idioma. Isto lévanos á conclusión de que existe unha necesidade de concienciar o alumnado amosándolle a utilidade da nosa lingua.

Por outra banda, resulta non alarmante pero si baixo o nivel de relación que establece o alumnado entre o galego e os ámbitos científico e de ocio.

Sobre ambas as dúas variables incide este proxecto de innovación.

2.2 Xustificación do proxecto

Pretendemos realizar as actuacións precisas para poder representar con máis de 200 alumnas e alumnos o Musical *Grease* integramente en galego e coa calidade que nos caracterizou en edicións pasadas.

2.2.1 Actividades realizadas en cursos pasados

Nos anteriores dous cursos desenvolvemos catro ambiciosos proxectos educativos: *Los Miserables*, *Moulin Rouge*, *Mamma Mia!* e *Hoy no me puedo levantar*.

No curso 2012-2013, e dun modo do que nin nós mesmos eramos conscientes, construímos unha versión poética do musical *Los miserables*.

O alumnado da materia de Música de 3.º da ESO e de 4.º da ESO aprendeu e preparou para a representación teatral once cancións do musical. O que ocorría entre canción e canción quedou convertido nun romance que resumía os principais acontecementos da novela.

Lemos fragmentos da obra, fomos ver a película ao cine do centro comercial Pontevedra (Ourense), fomos ver un musical a Madrid (para ver en vivo e en

directo como funciona este tipo de espectáculos) e rematamos vendo o musical *Los miserables* en Xixón, un ano despois de ter representado o noso.

O curso seguinte fixemos unha xira por diversos centros educativos de Galicia:

- a) O luns 21 de outubro de 2013 pola mañá, actuación na Casa da cultura de Xinzo ante o alumnado do IES Cidade de Antioquía
- b) O martes 29 de outubro de 2013, actuación dobre: pola mañá, no salón de actos do IES República Oriental do Uruguai (Os Rosais I, Teis - Vigo); pola tarde, actuación no salón de actos do IES Ribeira do Louro (O Porriño).

No curso 2013-2014, dunha maneira moito máis consciente e ambiciosa, ese mesmo alumnado (xa en 4.º da ESO e 1º de bacharelato) preparou outro musical: *Moulin Rouge*. Cunha escenografía moito máis coidada, sen textos narrados senón cun guión teatral elaborado por un alumno de 1.º bacharelato e con coreografías e partes instrumentais interpretadas polos propios alumnos (no anterior proxecto quen tocaba era o profesor, pero agora xa demos un paso máis). O espectáculo gustou moito.

Nas seguintes ligazóns pódese ver o resultado de ambas as representacións.:

Los Miserables: <https://www.youtube.com/watch?v=wVF4dVqoeDI>

Moulin Rouge: <https://www.youtube.com/watch?v=fpFJq7fbG8M>

Como se pode observar, a calidade vai moito máis aló dunha representación escolar e é o resultado dun traballo interdisciplinario moi importante ao longo de dous cursos. Podemos dicir con orgullo que o alumnado gozou da súa participación e iso leva a que na edición deste ano se presentasen case douscentos nenos de maneira voluntaria para participar, e traballar moi duro, no musical. Con este dato queda demostrado o interese que no noso alumnado esperta esta actividade.

Durante o curso 2014/2015, dedicamos os nosos esforzos a converter a experiencia anual do musical nunha actividade de normalización e dinamización lingüística. Así, presentamos o musical *Mamma mia!* de ABBA integramente na nosa lingua.

O éxito foi asombroso e podémolo ver nos recortes de prensa que se achegan así como nos vídeos das actuacións.

<https://www.youtube.com/user/Isabelcota2>

<http://davidov3.blogia.com/2015/091701-musical-mamma-mia-grabado-en-el-ies-xesus-taboada-chivite-el-11-de-junio-de-2015.php>

A coordinadora territorial EDLG da provincia de Ourense, Manoli Maseda, foi invitada a asistir como público a unha das representacións e pode dar fe da calidade do que viu.

As actuacións, dentro e fóra do noso IES foron as seguintes:

Gravación na discoteca Son de la Nuit (Antigo Camelot) das tres coreografías o xoves 23 de abril de 2015

Actuacións: xoves, 4 de xuño, ás 17:00 h

xoves, 4 de xuño, ás 20:00 h

xoves, 11 de xuño, ás 20:00 h, entrada libre

martes, 16 de xuño, ás 17:00 h

martes, 16 de xuño, ás 20:00 h

venres, 19 de xuño, ás 12:00 h

Feira do 4 de xuño: tres coreografías e un rap para promover a estrea do 16 de xuño.

Venres 5 de xuño: presentación do musical na discoteca Son de la Nuit (antiga Camelot).

Feira do 23 de xullo: tres coreografías en colaboración co Verín C. F.

Batucada (sábado 1 de agosto ás 22:30 h na Praza de García Barbón): actuación con varios números do musical.

Xira:

Venres 18 de setembro: actuación no IES Xesús Taboada Chivite ás 12:00 h para alumnado doutros centros da comarca.

Martes 22 de setembro: actuación no IES Xesús Taboada Chivite ás 20:00 h.

Venres 25 de setembro: actuación no IES ROU (Vigo) ás 11:45 h.

Durante o curso pasado, 2015/2016, tocoulle a quenda á música de Mecano e representamos o musical *Hoy no me puedo levantar*. As representacións realizáronse no salón de actos do noso IES e tamén saímos fóra, ao auditorio Reveriano Soutullo (Ponteareas, o 29 de abril).

Da calidade e difusión da experiencia dá fe a acollida que tivo na prensa e que se pode comprobar nas seguintes ligazóns:

<http://www.farodevigo.es/portada-ourense/2016/04/21/ies-xesus-taboada-chivite-verino/1445599.html>

<http://www.laregion.es/articulo/agenda/musical-ies-xesus-taboada-chivite/20160420215312616182.html>

<http://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/ourense/verin/2016/04/21/alumnos-profesores-verin-lanzan-musical/00031461264760388368218.htm>

A representación completa en Full HD pódese ver en:

<https://www.youtube.com/watch?v=nbSp2war77U>

Tomando como referencia os estándares de calidade acadados en edicións pasadas, e debido ao éxito da actividade como un medio de normalización da lingua galega, pretendemos estrear en 2017 o musical *Grease* integramente en galego e para isto estamos a traballar dende xaneiro de 2016.

2.2.2 Adecuación do Proxecto de innovación en dinamización lingüística ao Plan xeral de normalización da lingua galega

O noso proxecto incide nos seguintes obxectivos trazados no Plan xeral:

Obxectivos xerais:

- Conseguir para a lingua galega máis funcións sociais e máis espazos de uso, e priorizar a súa presenza en sectores estratéxicos.
- Promover unha visión afable, moderna e útil da lingua galega que esfarele prexuízos, reforce a súa estima e aumente a súa demanda.

Obxectivos do sector 2 (educación, familia e sociedade), área 1 (ensino)

- Habilitar dentro da cultura xuvenil espazos de uso para o galego, a través dunha oferta de produtos de demanda masiva no eido da cultura e do ocio
- Priorizar no ensino do galego a expresión, a afectividade e a utilidade, reforzar a súa dimensión comunicativa e instrumental en relación con contextos vivos e darlle un protagonismo central á oralidade.

Obxectivos do sector 2 (educación, familia e sociedade), área 4 (mocidade)

- Estimular nas xeracións máis novas actitudes favorables que se traduzan nun uso xeneralizado do galego, que supere vellos prexuízos, presións globalizadoras e inercias negativas.
- Fomentar todo tipo de creatividade de base en galego, como forma lúdica de galeguización e de creación de mercado cultural.
- Garantir que en galego haxa unha oferta ampla, diversificada, competitiva e atraente de produtos de cultura.
- Fomentar a utilización do galego nas actuacións e a actividades musicais.

Obxectivos do sector 3 (medios de comunicación e industrias culturais), área 2:

- Lograr un incremento notable da oferta de produtos culturais en galego, tanto de produción autóctona como foránea, que incida especialmente naqueles sectores e xéneros máis deficitarios ou desatendidos.
- Incrementar o apoio ao teatro que se realiza nos centros escolares.
- Facilitar a asistencia da mocidade ás representacións teatrais en galego.

2.2.3 Integración do Proxecto de innovación en dinamización lingüística no Proxecto educativo

Nos puntos 16.1 e 1.2 do PE do IES Xesús Taboada Chivite establécese a necesidade de vincular o galego a aspectos tales como o ocio e a música. O mesmo sucede nos diversos proxectos de fomento de uso do galego presentados nos últimos cursos.

2.2.4 Xustificación do Proxecto de innovación no marco da convocatoria

O proxecto atende ás condicións que a convocatoria fixa para poder ser considerado innovador:

- Inclúe melloras substanciais na práctica profesional que reverten no impacto sobre o proceso educativo.
- É duradeiro, xa que está é a quinta edición (a segunda en galego) e pretendemos perpetualo no tempo na nosa lingua.
- Ten un índice de participación da comunidade educativa moi elevado.

E, tal e como establece o preámbulo da convocatoria, o noso proxecto implica o uso do galego en diferentes contextos para acadar o seu pleno dominio.

Así, este musical pretende fomentar os seguintes aspectos relacionados no artigo 7.5 da convocatoria:

- O galego oral, coa creación de novos ámbitos de uso frecuente que favorezan a utilización da lingua dentro e fóra das aulas. É o que pretendemos ao vincular o galego á música e ao lecer cunha actividade que goza da participación voluntaria e entusiasta do alumnado.
- A colaboración con entidades culturais para favorecer o emprego da lingua. Asociarémonos para levar o musical fóra do instituto.
- Relación da lingua galega coas tecnoloxías da información e da comunicación. Isto farase a través da dixitalización dos contidos creados, das comunicacións co alumnado e da introdución da realidade aumentada.

3. OBXECTIVOS DESEÑADOS COMO RESPOSTA ÁS NECESIDADES DETECTADAS EN DIFERENTES ÁMBITOS

3.1 Presentación dos procesos de mellora do ensino e da aprendizaxe

- Motivar o alumnado para participar en actividades lúdicas en galego fóra do centro.

- Comprender os diferentes códigos artísticos: literatura, cine, teatro, música e facer ver que o galego pode ser unha lingua vehicular en todos eles.
- Crear unha versión propia do musical *Grease* en galego e representala.
- Traballar en equipo, valorando as achegas de cadaquén e facéndoo o mellor posible.

3.2 Propostas estratéxicas de actuación a curto prazo

Desenvolver as actividades que se citan deseguido para conseguir que o musical *Grease* en galego sexa unha realidade e unha potente actividade dinamizadora.

3.3 Propostas estratéxicas a longo prazo

Converter a representación de obras de calidade en galego nunha actividade anual no noso centro.

Estender a representación fóra do centro.

4 ORGANIZACIÓN, DESENVOLVEMENTO E METODOLOXÍA

4.1 Actividades de desenvolvemento dos procesos de innovación (incluímos as epígrafes 4.2, 4.3 e 4.4)

a) Fase preliminar (outubro-décembro de 2016)

Nesta etapa avaliamos o traballo do musical inmediatamente anterior.

- Escoitamos e aprendemos en inglés as cancións máis coñecidas de *Grease*.
- Vemos escenas da película e comentamos o seu argumento.
- Contextualizamos a música rock dos anos 50 nos EEUU: grupos, tendencias...
- Traducimos as letras das cancións do musical do inglés ao galego, coa supervisión de profesorado dos departamentos de Inglés e de Lingua galega.

- Elaboramos un gui3n do musical, adaptando o orixinal 3s condici3ns do centro.
- Decidimos as coreograf3as que realizaremos e encomend3moslle a s3a elaboraci3n a Iria Otero Ferreira.
- Distribu3mos os papeis teatrais entre os alumnos e alumnas que se apuntaron. Organizamos os primeiros ensaios.
- Distribu3mos as canci3ns entre os solistas que se inscribiron. Organizamos os primeiros ensaios.
- Empezamos os ensaios co coro.
- Empezamos os ensaios das coreograf3as.

b) Fase inicial (xaneiro - marzo 2017)

Unha vez comezado todo o proceso de "descubrimento", comezamos a pu3r as canci3ns. Engadimos os coros, os solistas e os instrumentistas. Ademais, ampliamos o repertorio con m3is canci3ns e comezamos a visualizar alg3ns n3meros.

- Elaboramos as partituras para que a banda poida empezar a ensaiar en xaneiro.
- Imos pensando en elementos escenogr3ficos que sexan importantes para que os departamentos de Pl3stica, Tecnolox3a e Biolox3a poidan ir comezando o seu traballo.

c) Fase de desenvolvemento (marzo - abril de 2017)

Nesta etapa temos que intentar "soldar" todos os elementos:

- As coreograf3as est3n moi avanzadas. C3mpre pu3r os erros para que queden perfectas.
- Facemos exercicios de dramatizaci3n na clase, para que os cativos e cativas non se limiten a cantar as melod3as: por exemplo, dicir de diversas maneiras "moitas grazas" ou cantar unha canci3n elimin3ndolle toda a letra pero intentando transmitir as mesmas emoci3ns que co texto.

- Comezaremos cos decorados, co *atrezzo*, os fondos, as gravacións en exteriores (para ser proxectadas durante a representación), o vestiario, a maquillaxe...

- Comezaremos cos ensaios teatrais. Vemos todos os personaxes e buscamos que non haxa problemas cos cambios de persoa.

d) Fase de retoques finais (marzo de 2017)

- Nesta fase intentaremos retocar todo para que quede o máis limpo posible, cos temas de toda a obra, e preocuparémonos dos micros, o audio, as cámaras de vídeo e os focos...

- Tamén da publicidade, da prensa, dos carteis, as invitacións etc.

e) Estrea pública e análise (abril de 2017)

Se todo vai segundo o previsto, será a finais de abril. Teremos moito coidado cos erros doutros anos e intentaremos darlle a maior publicidade posible, con letreiros, adhesivos, intervencións na vía pública, *lipdubs* etc.

f) Xira por Galicia (setembro de 2017)

Unha vez estreado, realizaremos unha pequena xira por Galicia: Vigo, O Porriño, Redondela, Xinzo, Verín:

- IES Ribeira do Louro (Porriño)
- IES República Oriental do Uruguai (Vigo)
- IES Cidade de Antioquía (Xinzo de Limia)
- Auditorio Reveriano Soutullo (Ponteareas)
- Conservatorio Profesional de Música (Vigo).

g) Conclusións (xullo de 2017)

Intentaremos extraer conclusións de todo este proxecto e seguir mellorando para facer un mellor o curso que vén.

5. IMPLICACIÓN DO PROFESORADO, RESPONSABLES E DE MAIS RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS DA COMUNIDADE EDUCATIVA

5.1 Recursos humanos implicados no desenvolvemento do proxecto

Queremos deixar claro que non se trata só dunha actividade do Departamento de Música en colaboración co EDLG senón unha actividade interdisciplinaria que precisa da colaboración activa de moitos departamentos para coordinar a participación masiva do alumnado.

Os recursos humanos implicados no desenvolvemento do proxecto están reflectidos nos puntos 10 e 11.

5.2 Recursos materiais que se van mobilizar

Aulas de música

Salón de actos

Canóns e material informático

Material dos departamentos de Tecnoloxía para elaboración dos decorados

Material do Departamento de Debuxo para elaboración de vestiario

6 COLABORACIÓNS INSTITUCIONAIS

Contamos co compromiso do Concello de Verín para representar a obra varias veces no novo auditorio da vila.

Así mesmo, tal e como foi indicado máis arriba, realizarase unha xira polos seguintes centros educativos:

- IES Ribeira do Louro (Porriño)
- IES República Oriental do Uruguai (Vigo)
- IES Cidade de Antioquía (Xinzo de Limia)
- Auditorio Reveriano Soutullo (Ponteareas)
- Conservatorio Profesional de Música (Vigo).

7 MEDIDAS DE DIFUSIÓN DO PROXECTO

7.1 Entre o alumnado e entre o resto da comunidade educativa

Dentro da comunidade educativa o proxecto difúndese por si mesmo debido á gran participación.

Farase fincapé en aspectos sociolóxico-culturais:

- publicidade
- cartela
- *lipdubs* en exteriores para promover o espectáculo
- artigos xornalísticos nos que se comente

Haberá colaboración entre o profesorado dos distintos departamentos, non só para obter un resultado mellor, senón sobre todo para que o alumnado perciba a interdisciplinariade imperante nun proxecto destas características.

8 ORZAMENTO, XUSTIFICACIÓN E DESAGREGACIÓN

Falar do orzamento antes de afrontar os gastos reais resulta moi difícil.

A pesar diso, poderíamos desagregar os gastos deste modo:

a) libro de partituras do musical: 30 €

b) material para carteis e publicidade:

- carteis, fotografías, pósters, cartolinas, invitacións, folios de cores: 350 €

- material funxible: 450 €

- imprenta: 300 €

c) material para o vestiario e *atrezzo*:

- teas: 300 €

- ombreiros, botas, perrucas: 100 €

- outros complementos: 200 €

d) material para a maquillaxe:

- pinturas, barras de labios, maquillaxe etc.: 100 €

f) material para a iluminación:

- lámpadas, 1 foco: 2 000 €

g) material para o son:

- 1 micro de ambiente: 200 €

Total estimado: 2 130 €

9 PLAN DE AVALIACIÓN

9.1 Criterios e indicadores para a avaliación

Competencia cultural e artística

- O alumnado é quen de valorar desde a sensibilidade e a intelixencia emocional o alcance dun produto artístico tan expresivo como un musical.
- O alumnado canta en galego sen vergoña e aprende a transmitir contidos textuais e extratextuais a través das cancións.
- O alumnado traballa de forma cooperativa nas coreografías, asumindo a parte de responsabilidade que lle corresponde e aspirando a transmitir unha beleza que só se acada con moitas horas de ensaio.
- O alumnado interpreta vocal ou instrumentalmente pezas de *Grease* en galego na procura dun diálogo co espectador, formando parte dun todo complexo e ao mesmo tempo buscando o seu lugar no conxunto.
- O alumnado diseña e prepara decorados, vestiario, *atrezzo*, de acordo cuns intereses artísticos, coa intención de crear o contexto para o musical.
- O alumnado canta coralmente, a trío, a dúo ou a solo distintos temas de *Grease*, asumindo o seu papel no conxunto, e aspirando non só a afinar e cantar en galego dentro dun estilo, senón, sobre todo, a transmitir emocións.

- O alumnado manexa elementos técnicos de luz e son para ambientar e enriquecer o traballo do escenario.
- O alumnado escribe sobre o musical, intentando plasmar ideas, emocións, suxestións de mellora e, sobre todo, o que o impactou.
- O alumnado interpreta teatralmente papeis diversos na trama amorosa do guión.

Competencia de comunicación e lingüística

- O alumnado manexa con soltura, tanto na oralidade como na escrita, a lingua galega.
- O alumnado percibe desde outra perspectiva a realidade da igualdade entre linguas e o valor da diversidade lingüística ao utilizar o galego como lingua vehicular do musical.
- O alumnado comproba as dificultades da tradución, e a diferente sonoridade do inglés e do galego para cantar.

Competencia social e cidadá

- O alumnado traballa en equipo e asume responsabilidades e corresponsabilidades.
- O alumnado respecta o labor dos compañeiros e compañeiras e axuda no que pode.
- O alumnado comprende a realidade das distintas persoas mediante o coñecemento e a análise dos personaxes do musical.
- O alumnado ensaia regularmente e renuncia ao seu tempo de lecer na procura dun mellor musical.
- O alumnado debate sobre ideas, propostas de decoración etc., escoitando as opinións dos demais, defendendo de xeito argumentado as súas e aceptando as decisións da maioría.

Tratamento da información e competencia dixital

- O alumnado manexa as redes sociais para darlles publicidade aos ensaios, organizalos e ir informando o público dos avances na preparación do musical.

- O alumnado utiliza dispositivos dixitais e teléfonos móbiles para crear grupos nos que intercambiar vídeos de ensaios, mensaxes para quedar a ensaiar, debater sobre cuestións relativas ao musical etc.
- O alumnado utiliza Internet para ver vídeos doutras producións deste mesmo musical e adaptar as ideas alleas ás posibilidades propias.

Competencia para aprender a aprender

- O alumnado desenvolve as seguintes capacidades: memoria inmediata (nas coreografías), memoria a medio prazo (nos papeis teatrais) e memoria a longo prazo (nas cancións).
- O alumnado descobre os recursos que necesita para cada tipo de aprendizaxe.
- O alumnado “desencasilla” os saberes e aprende que hai un fío condutor que o une todo.

Competencia para a iniciativa e autonomía persoal

- O alumnado toma decisións e asume as consecuencias destas.
- O alumnado asume as responsabilidades que cre que pode afrontar.
- O alumnado asume o liderado en determinados grupos e subgrupos de traballo.

9.2 Impacto do proxecto na mellora do uso da lingua galega na comunidade educativa

Tal e como afirmamos na xustificación do proxecto, as enquisas sobre a situación sociolingüística do centro presentan uns datos preocupantes no referido ao nivel de relación que establece o alumnado entre o galego e o ámbito do ocio.

Un indicador de avaliación positiva será que cambie a tendencia nos sucesivos estudos sociolingüísticos que se realicen.

10 FUNCIONES E TAREFAS DO PROFESORADO IMPLICADO

Departamento de Música

Coordinación xeral do proxecto

David Rodríguez Rivada

EDLG

Colaboración coa coordinación do proxecto.

Daniel Lorenzo Valdivieso

Departamento de Lingua e Literatura Galega

Coordinación na tradución dos textos

Hortensia Arcos Fernández

María Inmaculada Campos Vaz

Departamento de Inglés

Apoio na elaboración do texto. Apoio na coordinación de ensaios

Isabel Cota Muñiz

Maite González

Departamento de Grego

Coordinador de uso da tecnoloxía informática na posta en escena

Daniel García Cancio (Coordinador TIC)

Departamento de Bioloxía e Xeoloxía

Coordinador de uso de tecnoloxía informática na posta en escea

Javier Rodríguez García

Departamento de Debuxo

Coordinación elaboración vestuario, publicidade, carteis e decorados

Javier Díaz Blanco

Departamento de Tecnoloxía

Coordinación da elaboración dos decorados

Luis Enrique Álvarez Reza

11 ALUMNADO PARTICIPANTE

100 alumnas e alumnos dos cursos seguintes:

- 2.º da ESO
- 3.º da ESO
- 4.º da ESO
- 1.º de bacharelato

